




Manual do Sistema de Garantía de Calidade

Facultade de Psicoloxía

5ª edición



Identificación do centro

| | |
|---------------------------|--|
| Centro | Facultade de Psicoloxía |
| Responsable | M ^a José Sampedro Vizcaya |
| Enderezo | Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n. Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela |
| Correo electrónico | decanato.psicologia@usc.gal |
| Teléfono | 881.813.719 |

Historial de revisións

| Número | Data | Principais modificacións |
|---------------|-------------|---|
| 00 | 22/07/2009 | Edición inicial |
| 01 | 23/11/2013 | Simplificación documental: creación do Manual [Simplificado] do SGC da Facultade de Psicoloxía e revisión de algúns procesos e procedementos. |
| 02 | 04/02/2015 | Actualización do Manual [Simplificado] do SGC; modificación dos indicadores e informes dispoñibles |
| 03 | 06/04/2018 | Actualización do Manual do SGC da Facultade de Psicoloxía. Revisión e simplificación documental: supresión do Manual Marco extenso, supresión de procesos e procedementos obsoletos, particularización de procesos ás características do Centro |
| 04 | 21/04/2023 | Actualización do Manual do SGC da Facultade de Psicoloxía: marco institucional, recursos humanos e materiais, Comisións delegadas e non delegadas, funcións da CCC, Política de Calidade do Centro |
| 05 | 28/02/2025 | Actualización da Política de Calidade do Centro |

Control da elaboración e aprobación

| Fase | Unidade/Órgano | Data |
|---------------|--|-------------|
| Elaborado por | Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía | 18/12/2024 |
| Aprobado por | Xunta de Facultade de Psicoloxía | 20/12/2024 |
| Aprobado por | Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno | 28/02/2025 |

Índice

| | | |
|-----|---|----|
| 1 | A facultade/escola..... | 3 |
| 1.1 | Presentación | 3 |
| 1.2 | Organigrama | 3 |
| 1.3 | Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia..... | 4 |
| 1.4 | Regulamentos e normas | 4 |
| 2 | Alcance do Sistema de Garantía de Calidade..... | 5 |
| 3 | Estrutura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade | 6 |
| 3.1 | Equipo de dirección (ED) | 6 |
| 3.2 | Comisión de Calidade do Centro(CCC) | 6 |
| 3.3 | Responsable de calidade do Centro (RCC)..... | 7 |
| 3.4 | Comisión/s de título/s | 7 |
| 3.5 | Coordinador/a de título (CT) | 8 |
| 3.6 | Coordinador/a de Calidade | 9 |
| 4 | Mapa de procesos | 9 |
| 5 | Indicadores e informes | 12 |
| 6 | Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit | 13 |
| | Anexo I. Política de calidade..... | 14 |

1 A facultade/escola

1.1 Presentación

A Facultade de Psicoloxía é un Centro Propio da Universidade de Santiago de Compostela (USC), creado en 1990. Alberga, desde entón, os estudos de Psicoloxía. Actualmente están adscritos á mesma os títulos oficiais da USC: Grao en Psicoloxía; Mestrado Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria; Mestrado Universitario en Psicoxerontoloxía (2ª edición) e Mestrado Universitario en Psicoloxía.

Na Facultade de Psicoloxía teñen a súa sede tres Departamentos da USC: Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía; Psicoloxía Evolutiva e da Educación e Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía.

A Facultade conta con aproximadamente 75 profesores e profesoras, a totalidade deles doutores, e a meirande parte (uns 73) con vinculación permanente (56% mulleres). Conta ademais con 23 traballadores de administración e servizos (o 52% mulleres), algúns deles compartidos coa Facultade de Ciencias da Educación, coa que a Facultade de Psicoloxía comparte algúns espazos e servizos. O número de estudantes é de, aproximadamente, 950 (o 70-75% mulleres). No relativo ás instalacións, a Facultade conta con catro edificios: dous edificios anexos, de uso exclusivo, un deles rematado de construír en 2001 e o outro en 1986, e outros dous, tamén anexos, construídos en 1986, que comparte coa Facultade de Ciencias da Educación. En total, dispón de 18 aulas e seminarios de propósito xeral e 11 aulas de prácticas con dotación específica para as materias que nelas se imparten, unha sala de videoconferencias, unha sala de xuntas e un salón de actos. Todas elas están dotadas de equipos de vídeo/audio-proxección e conexión a internet con e sen fíos.

A Facultade dispón, compartida coa Facultade de Ciencias da Educación, unha Biblioteca Intercentros con 138 postos de lectura, ao redor de 26890 monografías impresas e preto de 600 publicacións periódicas (das cales 19 permanecen abertas) do campo científico da Psicoloxía.

1.2 Organigrama

Na Facultade de Psicoloxía, o equipo de dirección (equipo decanal) está formado por:

- O decano ou decana
- Dous vicedecanos ou vicedecanas
- O secretario ou secretaria

O/A decano/a é o órgano unipersonal de dirección executiva e de xestión do Centro. Representa á Facultade, preside os seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Os/As vicedecanos/as son nomeados polo/a reitor/a a proposta do/a decano/a entre os membros da Comunidade Universitaria da Facultade con vinculación a tempo completo. As súas funcións específicas son definidas polo/a decano/a. En ausencia do/a decano/a, realizará as súas funcións o/a vicedecano/a en quen aquel delegue.

O/A secretario/a da Facultade é a persoa fedataria do Centro. Pode ser profesor/a a tempo completo ou funcionario/a dos subgrupos A1 e A2, e é nomeado/a polo/a reitor/a a proposta do/a decano/a. Ten as competencias que se lle atribúen nos Estatutos da Universidade. Levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade que incluírá os asistentes, acordos literais e mencións expresas.

Corresponderalle ao equipo decanal a xestión diaria da Facultade, respondendo da mesma no Pleno da Xunta.

1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia.

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno das Facultades son:

- Unipersoais: decano ou decana; secretario ou secretaria; vicedecanos ou vicedecanas
- Colexiados: Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade está formada por (1) o equipo de dirección (decano/a, vicedecanos/as, secretario/a); (2) o/a responsable da Unidade de Xestión do Centro e os Departamentos e, o director/a da Biblioteca; (3) o persoal docente e investigador con vinculación permanente con docencia no centro e censado nel; o persoal docente e investigador con vinculación permanente que sen estar censado no centro teña nel un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo; o restante profesorado e persoal investigador en formación con docencia no Centro sempre que non exceda do 10% do total da Xunta (ou unha representación del se excedese esa porcentaxe); (4) unha representación dos/as estudantes matriculados na Facultade (nos estudos oficiais de Grao e Mestrado), e (5) unha representación do PAS censado na mesma.

De acordo co seu Regulamento de Réxime Interno e, no seu caso, cos acordos de creación de novas Comisións, conta coas seguintes comisións delegadas:

- Comisión de calidade
- Comisións de título
 - Comisión do título de Grao en Psicoloxía
 - Comisión do título de Mestrado en Psicoloxía Xeral Sanitaria
 - Comisión do título de Mestrado en Psicoxerontoloxía
 - Comisión do título de Mestrado en Psicoloxía
- Comisión de prácticum
- Comisión de programas de intercambio
- Comisión de normalización lingüística

A Facultade conta con outras comisións, non delegadas da Xunta de Facultade, que virían determinadas por normas de orde superior para o desenvolvemento das funcións que estas lles encomenden.

As comisións non delegadas da Xunta de Facultade son:

- Comisión de igualdade de xénero (aprobada en XF 18 dec 2017)
- Comisión de supervisión de aspectos éticos (aprobada el 17 de junio de 2021)
- Comisión de Biblioteca
- Comisión de Validación e recoñecemento
- Comisión do Servizo de Psicoloxía
- Outras comisións que poidan crearse ao abeiro de novas normas ou procedementos

1.4 Regulamentos e normas

A Facultade de Psicoloxía conta cas normas e regulamentos que rexen os procesos académicos e de xestión que en cada caso corresponden:

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Psicoloxía (RRI)
- Normativas de Traballo de Fin de Grado e de Traballo de Fin de Mestrado de cada un dos títulos adscritos
- Regulamento de Prácticum do Grao
- Outras normas e acordos da Xunta de Facultade: normativa de cambio de grupo (Grao); normativa de dispensa de asistencia a clases (Grao).

Ademais, a Facultade réxese, nos seus procedementos e actuacións, pola normativa xeral da USC que lle é de aplicación, nomeadamente, os seus Estatutos, Regulamentos Xerais, etc., así como a procedente dos Gobernos e Parlamentos estatal e autonómico, e entidades dependentes destes como as axencias de calidade (ANECA, ACSUG).

2 Alcance do Sistema de Garantía de Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Psicoloxía alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas (alumnado, persoal docente e de apoio) vinculadas a ela.

En conxunto, o SGC da Facultade de Psicoloxía contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento, así como a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da Universidade e da propia Facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Ciclo de mellora da formación universitaria




Figura 1. Adaptación propia a partir da "Guía para el diseño de SGIC de la formación universitaria. Programa AUDIT. ANECA"

3 Estructura para o desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade

3.1 Equipo de dirección (ED)

O equipo de dirección do Centro, e en particular o seu decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGC, as funcións principais son as seguintes:

- Definir a planificación estratéxica do centro, concretada a través do plan estratéxico (PE) e a memoria de calidade do centro (MCC).
- Comprometerse coa política e obxectivos de calidade do centro, dándolles a difusión oportuna entre os grupos de interese.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGC do centro.
- Nomear ao responsable de calidade do centro, sempre que o/a decano/a ou director/a non asuma as competencias.
- Propoñer á *Xunta de Facultade* para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das comisións de título no marco das normas que determinan a súa composición.
- Garantir o bo funcionamento do SGC do centro.
- Informar a todas as persoas do centro do SGC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todas as persoas do centro teñan acceso aos documentos do SGC que lles sexan de aplicación.
- Informar á *Xunta de Facultade* dos traballos e acordos da Comisión de Calidade do Centro.
- Presentar á *Xunta de Facultade*, para a súa aprobación, a memoria de calidade do centro (MCC)

3.2 Comisión de Calidade do Centro(CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do sistema e dos seus logros.

Serán membros da CCC, consonte ao recollido no RRI da Facultade de Psicoloxía:

- Decano ou decana, que a presidirá
- O/a responsable de calidade do Centro (RCC)
- Coordinador/a de calidade (se o/a houber)
- Os coordinadores/as das titulacións oficiais adscritas á Facultade
- O/a responsable da Unidade de Xestión do Centro e os Departamentos
- Os directores ou directoras de departamento con sede no Centro e os coordinadores ou coordinadoras das áreas de coñecemento que os conforman e que teñan docencia nas titulacións oficiais da Facultade.
- Un PDI/PIF membro da Xunta de Facultade en representación das áreas de coñecemento de departamentos sen sede no Centro, se os houbera.
- Tres estudantes elixidos por e de entre os membros deste sector da Xunta de Facultade.
- Un membro do PAS, elixido no seo da Xunta de Facultade por e de entre os membros deste sector

Ademais, o/a decano/a cando o considere oportuno pode propoñer outros membros á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGC, mesmo con voz e sen voto.

A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, cando menos unha vez en cada semestre, e levantará acta de cada unha das sesións, facendo públicas as decisións tomadas a través da publicación dos acordos adoptados.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC na Facultade.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC).
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.
- Contribuír á elaboración e velar pola implantación do plan estratéxico do centro.

3.3 Responsable de calidade do Centro (RCC)

O decano/a asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/ha responsable de calidade do centro (RCC) entre os membros do equipo de dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do/a RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s comisión/s de título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGC do Centro.
- Ser o/a interlocutor/a coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos.
- Atender ás indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en calidade para implantar os axustes e melloras do SGC nos centros aprobados pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en calidade e planificación.
- Dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.

3.4 Comisión/s de título/s

O Centro conta con unha Comisión de Título (CT) para cada un dos seus títulos oficiais, de grao e mestrado. No caso de mestrados interuniversitarios, contará con unha CT local, formada por PDI, PAS e estudantes do propio Centro, sen prexuízo da existencia da CT interuniversitaria conformada segundo o correspondente convenio.

As CT están compostas, de acordo co establecido no Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC e no RRI da Facultade de Psicoloxía, do seguinte modo:

- O decano/a ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- O coordinador ou coordinadora académica do título.

- O/a responsable de calidade do Centro
- O/a responsable da Unidade de Xestión do Centro e os Departamentos.
- Unha representación do PDI formada por profesorado a tempo completo do seguinte xeito:
 - No caso do título de Grao, polos coordinadores ou coordinadoras de curso, os coordinadores/as de Prácticum e de Traballo de Fin de Grao, os coordinadores ou coordinadoras das áreas de coñecemento con docencia no título e os directores/as de departamento con sede no Centro. No caso de que o coordinador/a de área ou director/a de Departamento non sexa membro da Xunta de Facultade, delegará nun profesor/a do título que pertenza á mesma.
 - No caso dos títulos de Mestrado, por PDI con docencia na titulación, garantindo a representación de todas as áreas de coñecemento dos Departamentos con sede no Centro e docencia no título.
- Unha representación do estudantado formada
 - No caso do título de Grao, por dous estudantes matriculados na titulación que sexan membros da Xunta de Facultade, elixidos por e de entre os membros deste sector.
 - No caso dos títulos de Mestrado, por dous estudantes matriculados no título e elixidos por e de entre eles, que poderán non ser membros da Xunta de Facultade.

As CT contarán cun/ha secretario/a, designado/a polo seu presidente/a de entre os membros da Comisión.

As CT velarán polo funcionamento ordinario do título, terán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de grao e mestrado vixente en cada momento, así como outras que podan contemplarse no regulamento de réxime interno dos Centros ou noutras normativas.

En relación co Sistema de Garantía de Calidade, entre as súas funcións cabe destacar as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título.
- Realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes.
- Realizar as propostas de mellora, derivadas dese seguimento, para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso, ao plan de melloras do Centro.
- Elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título, se así se deriva do seu seguimento periódico

3.5 Coordinador/a de título (CT)

Os/As coordinadores/as de título serán os responsables do título de Grao ou Mestrado, e serán nomeados/as polo/a reitor/a da USC.

Ostentarán as funcións que estableza o regulamento de titulacións oficiais de Grao e Mestrado vixente, así como as seguintes funcións, entre outras, en relación co SGC:

- Velar para que os procesos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o informe de seguimento/acreditación ou de resultados de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, informándoa das actuacións da comisión de título: seguimento do título, valoración da súa eficacia e proposta de accións de mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a comisión de título poida realizar as diferentes análises de resultados do título, establecer accións de mellora ou propostas de modificación ou supresión do título.

- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas que sexan da súa competencia e impulsar a implantación daquelas que correspondan a outras instancias.

3.6 Coordinador/a de Calidade

Será a persoa nomeada polo decano/a ou director/a do centro entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio ao Responsable de Calidade do Centro.

4 Mapa de procesos

O SGC concrétese en 12 procesos institucionais a través dos que a universidade asegura a calidade da súa oferta académica, a dispoñibilidade dos recursos humanos e materiais necesarios e o enfoque á mellora continua.

A nivel de Centro concrétese en 13 procesos, cuxo desenvolvemento figura no manual de procesos do sistema.

Nivel institucional

PI-01 Planificación Institucional da Mellora da Calidade

PI-02 Obtención e mantemento da acreditación institucional de centros

PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica

PI-04 Xestión dos recursos humanos

PI-05 Xestión dos recursos materiais e servizos

PI-06 Organización e procedementos administrativos

PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros

PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese

PI-09 Xestión de incidencias (SQR)

PI-10 Auditoría Interna

PI-11 Revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade

PI-12 Xestión documental

Nivel de centro

-Procesos estratéxicos

--Planificación

PE-01 Planificación estratéxica

PE-02 Revisión e mellora

-Procesos clave

--Organización e desenvolvemento dos programas

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio a estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

-Procesos de soporte

--Xestión dos recursos

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

--Xestión de apoio ao sistema

PS-03 Xestión documental

PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades


PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Información pública e transparencia

PS-06 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGC e as súas relacións:

MAPA DE PROCESOS



5 Indicadores e informes

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) será a responsable de proporcionar os indicadores e informes establecidos nos procesos institucionais *PI-07 Medición e mellora dos programas de estudo e dos centros* e *PI-08 Análise das expectativas e a satisfacción dos grupos de interese*.

Desde a ACMP definiranse anualmente os indicadores e informes a empregar. A lista de indicadores e informes será remitida aos Centros e estará dispoñible na páxina web.

A Facultade de Psicoloxía engade, a estes indicadores e informes institucionais, outros de carácter propio que os complementan, cuxa obtención e tratamento é responsabilidade das CT e/ou da CCC, segundo o caso. Estes indicadores e informes propios defínense, ao igual que os institucionais, mediante unha listaxe que se revisa e, no seu caso, se actualiza con carácter anual.

6 Relación entre os procesos do sistema e as directrices Fides-Audit

A continuación recóllese a relacións entre os procesos establecidos no sistema e as directrices Fides-Audit sobre deseño de sistemas de garantía de calidade:

| Procesos do sistema | | Directrices Fides-Audit | | | | | |
|---------------------------|--|-----------------------------------|--|--|---|--|---------------------|
| | | Política e obxectivos de calidade | Deseño revisión periódica e mellora dos programas formativos | Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante | Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos | Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos | Información pública |
| Procesos institucionais | PI-01 Planificación Institucional da mellora da calidade | X | | | | | X |
| | PI-02 Acreditación institucional dos centros | X | X | | | | X |
| | PI-03 Oferta académica | | X | X | X | X | X |
| | PI-04 Xestión dos recursos humanos | | | | X | | X |
| | PI-05 Xestión dos recursos materiais | | | | | X | X |
| | PI-06 Organización administrativa | | | X | X | X | |
| | PI-07 Medición e mellora de programas e centros | X | X | X | X | X | X |
| | PI-08 Análise de expectativas e satisfacción | X | X | X | X | X | X |
| | PI-09 Xestión de incidencias (SQR) | | X | X | X | X | X |
| | PI-10 Auditoría interna | X | X | X | X | X | X |
| | PI-11 Revisión pola dirección do SGC | X | | X | | | |
| | PI-12 Xestión documental | | | | | | X |
| Procesos de centro | PE-01 Planificación estratéxica | X | X | X | X | X | X |
| | PE-02 Revisión e mellora | X | X | X | X | X | X |
| | PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación | | X | X | | | X |
| | PC-02 Planificación das ensinanzas | | X | X | X | X | X |
| | PC-03 Apoio a estudantes | | X | X | | | X |
| | PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | X | X | X | X | X |
| | PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas | | X | X | X | X | X |
| | PS-01 Xestión dos recursos humanos | | | | X | | X |
| | PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos | | | | | X | X |
| | PS-03 Xestión documental | | | | | | X |
| | PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades | X | X | X | X | X | X |
| | PS-05 Xestión das incidencias (SQR) | | X | X | X | X | X |
| PS-06 Información pública | X | X | X | X | X | X | |

Anexo I. Política de calidade

A Facultade de Psicoloxía desenvolve a súa política de calidade a través do seu Plan Estratéxico, que se concreta anualmente mediante obxectivos de calidade operativos e o plan anual de melloras resultante do seguimento do SGC e dos títulos. O Plan Estratéxico elabórase e apróbase de acordo co establecido no proceso PE-01, Planificación estratéxica, e a súa concreción en obxectivos operativos e plans de mellora anuais realízase de acordo co establecido no proceso PE-02, Revisión e mellora.

Para evidenciar o compromiso do Centro con esa política de calidade, o equipo decanal, por medio da decana, subscribe o documento que se achega, que se divulga a través dos medios de información pública correspondentes, consonte o establecido no proceso PS-06, Información pública.

Política de Calidade da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (2024)

Comisión de Calidade: 18/12/2024
Xunta de Facultade: 20/12/2024

A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario, desenvolve a súa Política de Calidade a través dun Plan Estratéxico e un Sistema de Garantía de Calidade, aliñados coa Política de Calidade da USC, que dan acubillo a todas as titulacións oficiais, tanto de grao como de máster, das que a Facultade de Psicoloxía é responsable. O obxectivo último é garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no ensino superior, e válese da actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos para satisfacer as necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Misión

A Facultade de Psicoloxía, como centro prestador dun servizo público, ten como obxectivo prioritario contribuír á formación integral e inclusiva de profesionais e académicos/as de excelencia no ámbito da Psicoloxía, a través dunha educación de calidade baseada en principios éticos e científicos. Para acadar este dobre obxectivo, o centro, promove o pensamento crítico, a responsabilidade social e o emprego de métodos de ensinanza innovadores que contribúan á formación de profesionais comprometidos coa saúde, o benestar e o desenvolvemento psicolóxico e psicosocial das persoas e da comunidade. Por outra banda, afánase na xeración, na transmisión e na difusión de coñecemento nas áreas disciplinares que son o eixe desta disciplina e que garanten a consolidación dun entorno académico de excelencia que posibilite a continuidade da súa labor prioritaria: a formación de profesionais no ámbito da Psicoloxía.

Visión

A Facultade de Psicoloxía, no seu proxecto de futuro desexable, pretende consolidarse como unha Facultade:

- De recoñecido prestixio, tanto no contexto universitario como na contorna social, que destaque pola súa oferta académica, a súa actividade investigadora e de transferencia e a creación de valor social.
- Comprometida coa sociedade, capaz de responder ás demandas cambiantes do exercicio profesional e ás necesidades sociais, e de contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural da nosa comunidade.
- Cunha orientación centrada no estudantado, tanto na súa implicación como na súa formación profesional, ética e persoal.

- Comprometida coa actualización formativa e o desenvolvemento da carreira profesional do seu persoal docente e investigador e do seu persoal técnico de xestión, administración e servizo, vencellado ao centro.
- Cun funcionamento centrado nas persoas e nas súas competencias, na que a toma de decisións estea baseada na participación efectiva, así como na responsabilidade dos distintos colectivos que a integran.
- Capaz de impulsar e afianzar as relacións con colexios e asociacións de profesionais e, singularmente, cos seus titulados e tituladas, na procura dunha rede que fusione os ámbitos académico e profesional que favoreza a mellora constante na calidade da docencia e da investigación.

Valores

Considerando a misión e a visión anteriormente expostas, a Facultade de Psicoloxía réxese polos seguintes principios éticos e profesionais:

- Procura da excelencia e o valor social nas actividades académicas, de investigación e de transferencia, preservando e potenciando os nosos propios sinais de identidade.
- Compromiso co código deontolóxico da Psicoloxía.
- Compromiso coa transparencia, o rendemento de contas, e a eficiencia na xestión dos recursos humanos e materiais.
- Compromiso co desenvolvemento sostible, coa igualdade, a equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Compromiso cunha xestión democrática baseada no diálogo, na participación efectiva, na confianza e na responsabilidade compartida.
- Compromiso co principio de xustiza social que debe rexer unha institución pública nunha sociedade democrática.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento e servizo á sociedade, no eido da saúde, como contribución ao desenvolvemento integral da nosa comunidade.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Psicoloxía marca como principal meta o desenvolvemento de programas formativos actualizados e socialmente relevantes, que estean avalados por unha xestión de calidade, respectando os seguintes principios éticos e profesionais:

- **Orientación ao estudiantado.** Garante o desenvolvemento de programas formativos, na procura de estudantes que amosen a súa solvencia académica a través da taxa de éxito nos seus estudos e de egresados/as cunha alta taxa de inserción laboral. Estes programas formativos concréntanse en actividades de orientación ao inicio, durante, e ao final dos estudos, coa atención á diversidade e necesidades especiais, coa oferta de actividades para a consecución de competencias transversais e co fomento das prácticas externas e da mobilidade.
- **Sostibilidade.** Planifica os seus estudos facendo o uso máis eficaz posible dos recursos, humanos e materiais, dispoñibles. Así mesmo, asegura a calidade nos recursos materiais e servizos, mediante un adecuado mantemento e renovación de equipos e instalacións que permitan estar ao nivel requirido polos programas formativos en canto a equipamento científico, TIC, novos recursos para a aprendizaxe, atención aos protocolos de prevención de riscos e seguridade laboral, así como ás necesidades relativas á accesibilidade e integración de persoas con necesidades específicas de apoio educativo.

- **Excelencia.** Utiliza a avaliación e seguimento dos resultados da formación e do sistema de garantía de calidade para a actualización e mellora dos procesos formativos, na procura da excelencia, mediante a análise da consecución dos resultados da aprendizaxe, a adecuación das competencias ao exercicio profesional, a satisfacción dos grupos de interese, a análise da eficacia dos procedementos e as incidencias e suxestións dos grupos de interese.
- **Integración, participación e igualdade.** Procura que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas, habilitando diferentes sistemas de manifestación e de opinión que fagan sinxela a participación na xestión garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Responsabilidade.** Atende á mellora das condicións dos distintos colectivos de traballadores que conforman a Facultade, impulsando unha dotación de persoal suficiente, así como o adecuado recoñecemento da súa actividade, fomentando a formación continuada do profesorado e do persoal técnico de xestión, administración e servizo, e facilitando, na organización do traballo, a conciliación entre a vida persoal e a laboral.
- **Transparencia.** Garante a dispoñibilidade pública de toda a información relevante para os grupos de interese en relación coa oferta formativa da Facultade, co fin de facilitar a toma de decisións informada e de posibilitar a súa participación nos procesos de mellora.

A dirección desta facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o cal o/a decano/a subscribe este documento de política de Calidade, na data da súa sinatura dixital.

A decana da Facultade

M^a José Sampedro Vizcaya